

**I XORNADA INTERNACIONAL**  
**ECONOMÍA AZUL E A ORDENACIÓN DO ESPAZO LITORAL EN GALICIA**

**IDEGA / CES**  
**4 de xuño 2025,**  
**CES -Pazo de Amarante, Algalia de Abaixo 24**  
**15704 Santiago de Compostela**

---

A ordenación do espazo marítimo e litoral ven cobrando cada vez máis importancia nas últimas décadas, debido ao aumento da intensidade de uso dos océanos e a necesidade do seu uso e xestión sustentables. Esta ordenación implica unha xestión planificada das zonas costeiras e marítimas para evitar a sobreexplotación e minimizar os impactos sobre os ecosistemas.

Dez anos despois da Directiva 2014/89/UE pola que se estableceu un marco europeo para a ordenación do espazo marítimo, a economía azul precisa dunha planificación territorial eficiente para evitar conflitos entre actividades económicas, para garantir que os beneficios económicos do mar sexan sustentables no tempo, e para a conservación ambiental.

A procura dun equilibrio entre aproveitamento económico, protección ambiental, e regulamentos de uso fai que sexa necesario coordinar esforzos e buscar canles de aproximación entre as administracións, a academia e as comunidades litorais. Este é o fundamento desta xornada, que se orienta en especial aos desafíos que presenta o desenvolvemento do sector eólico mariño en Galicia.

O **Consello Económico e Social de Galicia (CES)** configúrase como un foro de deliberación entre os axentes económicos e sociais e os poderes políticos en Galicia. Para continuar a tarefa de reflexión sobre o futuro das enerxías renovables, iniciada polo CES en 2024 para afrontar os retos da descarbonización, organiza, en colaboración co **Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)** esta xornada sobre algúns aspectos da economía azul e a ordenación do espazo litoral, en especial aqueles relacionados coa enerxías renovables.

No IDEGA traballa o **Núcleo de Estudos do Litoral (NEAL)**, un grupo interdisciplinario de investigación destinado a afrontar os desafíos xurídicos, económicos, sociais e ambientais da ordenación do litoral galego, e que ten como obxectivo informar políticas públicas e asesorar as institucións na xestión do litoral.

## AVANCE DO PROGRAMA

**8.30-9.00** Recepción de participantes

**9.00-9.15** Inauguración e benvida aos asistentes.

**Ángeles Vázquez Mejuto. Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia**

**Manuel Pérez. Presidente do CES**

**Rubén Lois. Director do IDEGA**

### **Sesión 1.**

---

**9.15-9.35 h.** A Administración galega ante os desafíos que presenta a ordenación do litoral e do sector eólico en Galicia.

**Ángeles Vázquez Mejuto. Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia**

**9.40-10.00 h.** O marco competencial. A LEI 4/2023, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e o sector eólico mariño en Galicia.

**Luís Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da USC**

### **Sesión 2.**

---

**10.05-10.25 h.** Regulamento do sector eólico mariño no contexto europeo. Experiencias das que aprender.

**Francisco J. Sanz Larruga. Catedrático de Dereito Administrativo da UDC**

**10.30-10.50 h.** Ordenación do espazo litoral. Oportunidades e desafíos da planificación da enerxía eólica mariña.

**Conselleira de Economía e Industria (PENDENTE CONFIRMACIÓN)**

### **Pausa café**

### **Sesión 3.**

---

**11.15-12.15 h.** Mesa redonda centrada nas necesidades empresariais do sector eólico, na súa produtividade e nas perspectivas de futuro.

**Moderadora: Rosa M<sup>a</sup> Regueiro Ferreira. Profesora titular de Economía Aplicada da US.**

**Cluster de Enerxías Renovables de Galicia**

**Instituto Tecnolóxico de Galicia**

**12.20-12.40 h.** Retos de futuro para os sectores pesqueiro e acuícola.

**Alfonso Villares Bermúdez. Conselleiro do Mar da Xunta de Galicia**

**Presentado por María do Carme García Negro. Profesora Ad Honorem da USC**

**12.45-14.00 h.** Mesa redonda centrada nas comunidades litorais altamente dependentes da pesca.

**Moderador: Gonzalo Rodríguez Rodríguez. Profesor titular de Economía Aplicada da USC**

**José Luís Santiago, CETMAR.**

**María José Casais, xerente da OPP de Ribeira**

**14.15-14.30 h.** Conclusións e temas de traballo para o futuro.

**Rubén Camilo Lois González. Director do IDEGA**

**14.30 h.** Peche da xornada

**Manuel Pérez. Presidente do CES**

**Rubén Lois. Director do IDEGA**

### **Comité Científico**

Chas Amil, María Luísa, (Departamento de Economía Cuantitativa, USC)

Fernández Grela, Manuel (IDEGA-USC)

Lois González, Rubén C. (IDEGA-USC)

Miguez Macho, Luís (Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado, USC)

Piñeiro Antelo, M<sup>a</sup> Ángeles (Departamento de Xeografía, USC)

Regueiro Ferreira, Rosa María ((Departamento de Economía Aplicada, USC)

Rodríguez Rodríguez, Gonzalo (Departamento de Economía Aplicada, USC)

Organización:

Piñeiro Antelo, M<sup>a</sup> Ángeles ([manxeles.pineiro@usc.es](mailto:manxeles.pineiro@usc.es))

Esta xornada conta coa colaboración do Consello Económico e Social de Galicia (CES) e do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA).

Forma parte das actividades organizadas no marco do proxecto de investigación "TRANSICIÓN ENERGÉTICA Y ENTIDADES LOCALES" (PID2022-141071OB-C21), FINANCIADO POR MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE, coa axuda da convocatoria "PROYECTOS DE GENERACIÓN DE CONOCIMIENTO 2022", PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR LA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA Y SU TRANSFERENCIA, PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA Y DE INNOVACIÓN 2021-2023.